




PUNTA CHIRLATEIRA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3,5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Cantís da punta Chirlateira

Un percorrido pola punta que couda os embates do océano na ría de Cedeira. Unha área despexada con fortes cantís e amplas panorámicas sobre a ría de Cedeira, os arranques da Capelada cara ao norte e os saíntes da costa accidentada cara ao sur ata cabo Prior.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Cedeira a Valdoviño e Ferrol, en Loira cóllese o desvío a San Xiao e séguese ata un cruce da estrada onde hai un mirador. Alí déixase o coche e séguese por unha pista de terra que percorre todo o contorno do cabo.

Os máis atrevidos poden cruzar o “Paso do Boi” e achegarse á mesma punta.



Punta Chirlateira desde Punta Robaleira



Vista sobre a costa exterior de Cedeira



Vista sobre a enseada de Baleo e a punta Torrella



Vista sobre a Ría de Cedeira



Vista cara ao sur